

ANEXO I

PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Coordinación STEMbach na Facultade/Escola UVigo:	
Nome: Elena Martínez Carballo	
Enderezo electrónico: elena.martinez@uvigo.es Teléfono: 988387067	
Dirección do proxecto Uvigo:	
Nome: Elena Martínez Carballo	
Enderezo electrónico: elena.martinez@uvigo.es Teléfono: 988387067	
Bienio	2021-2023
Número de participantes (máx. 4)	1

NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da UVigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.

Título

Estado da poboación infantil en base á súa exposición a contaminantes orgánicos (CO).

Resumo

Existe unha preocupación crecente, en base aos datos epidemiolóxicos e clínicos, de que a exposición temperá a compostos coñecidos como contaminantes orgánicos (CO) persistentes e/o pseudo persistentes afecta o desenvolvemento neurolóxico e pode conducir a deficiencias no desenvolvemento e problemas de aprendizaxe nos máis novos. #De acordo con un informe da OMS do 2009, o 10% das mortes e enfermidades débense a factores ambientais. Debido aos escasos estudos que se realizaron a nivel nacional, e especialmente na Comunidade Galega, a finalidade deste proxecto é coñecer o estado de saúde da poboación materno-infantil galega en base á súa exposición a contaminantes químicos orgánicos mediante un estudo prospectivo a 3 anos. Isto permitirá relacionar os niveis atopados cos seus posibles efectos potenciais na saúde do neno e por outra banda, os resultados obtidos tamén servirán para que as institucións asuman medidas de control da contaminación ambiental co fin de diminuír os riscos para saúde da poboación xeral.

Obxectivo

O presente proxecto ten como obxectivo principal a avaliación da exposición a contaminantes ambientais na poboación infantil seleccionada, baseándonos na análise de mostras biolóxicas non invasivas de pelo. Inclúense neste estudo, contaminantes prioritarios para a Organización Mundial da Saúde (OMS), especialmente pesticidas organoclorados (OCP), bifenilos policlorados (PCB), hidrocarburos aromáticos policíclicos (PAH), polibromodifenil éteres (PBDE) e outros tipos de pesticidas como pesticidas organofosforados (OPP) e piretroides (PYR).

Plan de traballo

1. Procura bibliográfica
2. Planificación e realización do experimento a desenvolver no laboratorio
3. Interpretación dos resultados, usando programas de tratamento de datos.
3. Escritura do informe

